

Somos quen

Equipo de gobierno

AU

Alternativa
Universitaria

VICERREITORÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN

Xosé Manuel García Vázquez

Catedrático de Organización de Empresas no Departamento de Organización de Empresas da Universidade de Vigo e profesor de Produción e Loxística en 5º curso da Escola Técnica Superior de Enxeñería de Minas e Dirección de Operacións no 3º curso da licenciatura de Administración de Empresas.

Asimesmo, forma parte do cadro de profesores de numerosos Mestrados e Cursos de Posgrao e do Grupo de Investigación REDE (Research in Economics, business and the environment) e non hai que esquecer que foi o responsable do Plan Estratégico da Universidade de Vigo.



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN

María Asunción Longo González

Licenciada en Ciencias Químicas con especialidade Industrial e doutorada en Biotecnoloxía, é profesora Titular da Universidade de Vigo no departamento de Enxeñería Química, impartindo clase no 1º e 2º ciclo das titulacións de Química, Ciencias do Mar e Enxeñería Industrial, ademais de participar en programas de doutoramento e posgrao.

As súas liñas de investigación están orientadas cara o desenvolvemento de bioprocesos, o tratamento de efluentes contaminados, biorremediación, produción, caracterización e aplicacións de encimas microbianas e deseño e operación de biorreactores. Ten publicado máis de corenta traballos en revistas científicas internacionais, capítulos de libro, unha patente, oitenta comunicacións a congresos. Asimesmo, participou en máis de trinta proxectos de investigación financiados con empresas, sete dos cales exerceu como investigadora principal.

Na actualidade é Directora do Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (C.A.C.T.I.) da Universidade de Vigo e xestora do Programa de Recursos Humanos da Dirección Xeral de I+D+i da Xunta de Galicia.



VICERREITORÍA DE TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO

Xosé Antonio Vilán

Enxeñeiro Superior Industrial e Doutor Enxeñeiro en Electrónica, Automática e Sistemas de Potencia pola Universidade de Vigo. Profesor en formación desde 1991 e Profesor Titular desde 1998 no Departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos. Director do devandito Departamento desde 2000 até 2006.

É Director do grupo CIMA (Centro de Enxeñaría Mecánica e Automoción) desde 2001 e tamén Director Xeral do único Laboratorio Oficial de Vehículos de Galicia concedido polo Ministerio de Industria desde 2007.

Medalla de ouro á mellor invención no XXXV Salón Internacional de Novos Produtos en Xenebra. Primeiro premio da Academia Galega das Ciencias ao proxecto INNEO ano 2006. Mellor Patente Española do ano 2007 e conta con 13 equipos mecánicos pesados homologados a nivel internacional pola maior parte das Sociedades de Clasificación.

Autor de máis de 40 artigos internacionais, 71 proxectos subvencionados autonómicos e nacionais, 63 proxectos baixo financiamento de empresas privadas, 14 patentes nacionais e internacionais, 5 teses doutorais dirixidas.

Na actualidade é IP de 22 proxectos de investigación simultáneos, destacando o deseño do calorímetro (detector de fotóns e raios gamma do choque nuclear) do novo acelerador de partículas do proxecto FAIR, así como colaborador no deseño mecánico dos proxectos XATCOBEO (satélite artificial cubesat que será lanzado no voo inaugural do novo foguete -VEIGA- da ESA), GENSO (system premier da Axencia Espacial Europea para segmentos terreos), HUMSAT (clúster de satélites artificiais apoiado pola ONU, a ESA e a NASA) ou FEMTOXAT (desenvolvido completamente en Galicia e que podería ser o primeiro femtosatélite lanzado ao espazo, apoiado por universidades de California e Kentucky).



VICERREITORÍA DE TÍTULOS, ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO

Margarita Estévez Toranzo

Licenciada en Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela e doutorada pola Universidade de Nancy (Francia), é Catedrática de Análise Matemático na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo.

A súa investigación enmárcase dentro do campo da Economía Matemática. Autora de diversas publicacións en revistas de difusión internacional como Economic Letters, Journal of Mathematical Economics, Mathematical Social Sciences ou Journal of Economics. Forma parte do grupo de investigación RGEA (Research Group in Economic Analysis).

Foi decana da Facultade de Ciencias Económicas entre os anos 1990-93 e 1994-97. Ocupou a Secretaría Xeral da Universidade de Vigo entre 1998 e 2002 e a Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado entre 2002 e 2006.



VICERREITORÍA DE ALUMNADO, DOCENCIA E CALIDADE

Ignacio Barcia Rodríguez

Licenciado en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid e doutorado en Belas Artes pola Universidade de Salamanca, é desde 2006 o decano da Facultade de Belas Artes, ademais de profesor Titular de Escultura.

É o Presidente da Comisión de Avaliación do ámbito de Humanidades e Creación Artística do Programa Docencia. En colaboración co Consello Social e a Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea, intervéñ na avaliación interna das memorias dos novos títulos de grao. Coa mesma vicerreitoría contribúe no deseño e difusión de ferramentas de apoio á docencia e participa no grupo de traballo que redactou o documento: “Reflexións e propostas para unha nova normativa de organización docente da Universidade de Vigo”. Asimesmo, colabora na redacción do “Libro Blanco das Titulacións de Grao en Belas Artes, Deseño e Conservación e Restauración” da ANECA.

Desde 1990 expuxo individualmente o seu traballo de creación no eido da escultura contemporánea en diversas galerías de prestixio de Madrid, Barcelona, Valladolid, Sevilla, Zaragoza ou Valencia, participando en feiras de arte contemporáneo.



VICERREITORÍA DE RELACIONES INTERNACIONAIS

Manuel Fernández Iglesias

Enxeñeiro de Telecomunicación pola Universidade de Santiago de Compostela e Doutor Enxeñeiro de Telecomunicación pola Universidade de Vigo. Dende 1990 exerce como profesor na Universidade de Vigo no Departamento de Enxeñería Telemática, con docencia na titulación de Enxeñería de Telecomunicación e nos programas de posgrao nos que participa o seu Departamento.

Ten máis dun centenar de publicacións en revistas e actas de congresos internacionais no eido das Tecnoloxías da Información e das Comunicacions (TIC), participa regularmente en proxectos internacionais, estatais e autonómicos, con empresas e institucións do sector TIC.

Exerceu como Comisionado para o Espazo Europeo de Educación Superior da Universidade de Vigo, con rango de Vicerreitor (2004-05) e como membro do Grupo de Promotores de Boloña do programa Sócrates da Unión Europea. Entre agosto de 2005 e abril de 2009 incorporouse ao goberno galego como Director Xeral de Comunicación Audiovisual, dentro da estrutura da Secretaría Xeral de Comunicación dependente do Presidente da Xunta de Galicia.



VICERREITORÍA DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

Xosé Henrique Costas González

Licenciado e doutorado en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela, é Catedrático en Historia e Dialectoloxía do Galego. Profesor da Universidade de Vigo desde a súa fundación, impartiu docencia nos tres campus. Especializado en sociolingüística das linguas europeas minorizadas, impartiu docencia en másters, en cursos de doutoramento e en aulas de diversas universidades de Europa e América. En 2011 cumprirá 25 anos como docente universitario.

Foi claustral e membro do Consello de Goberno en varias lexislaturas, director do Departamento de Filoloxía Galega e Latina (2000-2006) e director da Área de Normalización Lingüística (2006-2010)



VICERREITORÍA DO CAMPUS DE OURENSE

María Lameiras Fernández

Doutora en Psicoloxía, é profesora titular da Universidade de Vigo no departamento de Análise e Intervención psicossocioeducativa. Especializada na psicoloxía da sexualidade, é pioneira na introdución dos contidos sexolóxicos na formación universitaria.

Compaxina a súa labor docente e o seu posto de vicedecana da Facultade de Educación do campus de Ourense cunha intensa actividade investigadora en torno á sexualidade. As súas liñas de traballo céntranse na educación sexual, prevención do virus VIH, promoción da saúde biopsicosocial, así como da educación de xénero.

De todas as súas publicacións, o programa Agarimos (Pirámide, 2004) constitúe un texto de referencia na educación sexual de estudantes de secundaria.



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA DO CAMPUS DE OURENSE

María Victoria Jato Rodríguez

Catedrática da área de Botánica, a súa actividade docente e investigadora leva ligada á Universidade de Vigo desde xaneiro de 1990. Impartiu docencia na Licenciatura de Bioloxía, na Diplomatura da Escola Universitaria de Formación do Profesorado de E.X.B., na Enxeñería Técnica de Industrias Agrarias e Alimentarias, estudos de Terceiro Ciclo, estudos de Posgrao e no Máster da Facultad de Ciencias de Ourense. Tamén é profesora titora no Centro Asociado de Ourense da UNED.

A Aerobioloxía e a Melisopalinoloxía son os principais campos nos que se centra a súa actividade investigadora. É coautora de máis de cen traballos de investigación, a maior parte en revistas incluídas no ISI. Colaborou en vinte proxectos e contratos de investigación subvencionados polo Ministerio de Educación, Xunta de Galicia e Entidades locais, investigadora principal en trece deles.

Destácase unha participación activa no desenvolvemento da Aerobioloxía, tanto a nivel autonómico como nacional e internacional. Así, entre os anos 2002 e 2006 foi membro do Executive Committee da International Association on Aerobiology como Newsletter Editor e en Galicia tivo un papel fundamental na constitución da Rede Galega de Aerobioloxía (RGA), que coordina co grupo de Aerobioloxía da Universidade de Santiago de Compostela.



VICERREITORÍA DO CAMPUS DE PONTEVEDRA

Antonia Blanco Pesqueira

Licenciada e doutorada en Ciencias da Educación, desde 2003 é Catedrática de Escola Universitaria da Universidade de Vigo. Profesora Titular na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, imparte as materias de Didáctica e Deseño Curricular.

Participou en varios proxectos de investigación, autonómicos, nacionais e internacionais relacionados coa formación do profesorado, novas tecnoloxías e investigación educativa. Colaborou na elaboración de varios Informes para o Consello Escolar de Galicia e tamén foi directora de proxectos de investigación competitivos na Xunta de Galicia.

Entre outros postos de xestión, desde 2006 é a Directora de Área de Planificación e Coordinación do Campus de Pontevedra; Coordinadora Xeral do Mestrado Universitario para o profesorado de Secundario, Bacharelatos, Formación Profesional e Ensino de Idiomas e entre o 2003 e 2009 foi a Coordinadora Xeral do C.A.P.



SECRETARÍA XERAL

Inma Valeije Álvarez

Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, e posteriormente doutora en Dereito pola Universidade de A Coruña é desde 1998 Profesora Titular de Dereito penal na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo.

As súas liñas de investigación están orientadas á Corrupción e outros delitos contra a Administración Pública, Dereito penal de empresa (delitos contra a propiedade intelectual), penas privativas de dereitos, Prevención e control da sinistralidade viaria, Dereito penal da peligrosidade e medidas postdelictuais para prever a reincidencia nos delitos sexuais e de violencia de xénero. Entre outras, é membro do Grupo de Estudos de Política Criminal, da Asociación Internacional de Dereito Penal (AIDP), do Comité Científico da REEPA (Revista Estudos Penais e Criminolóxicos) da Universidade de Santiago de Compostela e da Asociación Internacional de Estudios Galegos.

Conciliadora-mediadora pola provincia de Pontevedra en materia de Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos. Entre 1996 e 1998 foi Maxistrada suplente do Tribunal Superior de Galicia e entre o 2002 e 2004 Maxistrada Suplente da Audiencia Provincial de Pontevedra.



www.salustianomato.uvigo.es